


## INSTRUCCIÓN PARA A INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2022/2023

### PRAZOS:

- O período para realizar as **inscricións** comezará o **luns 19 de setembro ás 10:00** e pecharase o **mércores 21 de setembro ás 14:00**.

### INSCRICIÓN:

- As inscricións realizaranse de forma telemática a través dun formulario web (Google Forms) quedando rexistrada a orde de envío. Debe facilitarse un enderezo de email e un teléfono de contacto no formulario.
- A **ligazón para acceder ao formulario de inscrición** enviarase o propio **luns 19 ás 10:00 AM** a través da **canle de Telegram da ANPA A Rúa** (ademais procuraremos ampliar a difusión desta comunicación coa maior celeridade nos grupos de familias de whatsapp, na web [www.anpaarua.com](http://www.anpaarua.com) etc.)



**Inscrición nas Actividades Extraescolares do CEIP A Rúa**  
CURSO 2022/2023

Envíe UN FORMULARIO DE INSCRICIÓN INDIVIDUAL por cada neno/a que desexe participar nas actividades.

anpa.ar  
\*Obligat

Correo

Tu direc

NOME

Tu respi

Teléfono

Tu respi

NOME

SELECCIÓN DE ACTIVIDADES

Marque por orde de preferencia as actividades para as que solicita inscrición: 1 para a actividade que máis lle interese, 2 para a segunda opción etc.

Hai un máximo de 5 actividades por solicitude. O formulario non admite dúas actividades co mesmo valor de preferencia.

**Extraescolares 2022/2023**

	1	2	3	4	5
INGLÉS (primaria, luns)	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
INGLÉS LÚDICO (infantil)	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
INGLÉS LÚDICO (primaria, mér.)	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
TAEKWONDO	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

Imaxe: Apariencia do formulario.

- Deberá enviarse un formulario por cada neno/a

### PRAZAS:

- Todas as actividades teñen unha cota máxima de alumnos/as admitidos/as. A orde de prioridade para obter praza nas actividades será a seguinte:
  - Por número de orde de preferencia da actividade
  - Por orde de chegada de inscrición
- Todas as actividades teñen tamén unha cota mínima de alumnado, que de non acadarse, pode levar a modificacións de grupos, horarios ou mesmo á suspensión da actividade.

### ORDE DE PREFERENCIA DAS ACTIVIDADES:

- Co obxectivo de que todo o alumnado poida acceder como mínimo a unha actividade do seu interese, en cada solicitude de inscrición debe asignarse unha orde de preferencia ás actividades con valores entre o 1 e o 5. **O valor 1 indica a maior preferencia e o valor 5 a menor.**
- O formulario solo permite seleccionar 5 actividades, e non poden repetirse valores (*non pode haber dúas actividades con preferencia 1*). Pregamos que se complete este apartado co maior coidado.
- Unha vez feita a distribución de prazas e coidando de que cada alumno/a teña praza a lo menos nunha actividade, se sobran ocos, farase unha segunda rolda ás fichas de inscrición ate esgotar todas as prazas dispoñibles.

## LISTADO DE ADMITIDOS:

- O listado definitivo de admitidos será publicado **o venres 23 de setembro no taboleiro do hall de entrada do cole** (*entrando a man esquerda*).

## DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES:

- As actividades comezarán a semana do **3 de outubro de 2022**.
- **[IMPORTANTE]** O primeiro día de actividade cada monitor facilitará unha folla de DECLARACIÓN RESPONSABLE que cada familia deberá cubrir, asinar e devolver ao monitor. De non entregarse dita declaración a nena / neno non poderá asistir á actividade.
- O pago das cuotas das actividades será xestionado por cada monitor ou monitora.

## HORARIOS E RECOLLIDAS:

- As actividades xeran un compromiso por parte das familias de chegar puntuais tanto á entrada como á saída para non entorpecer o bo funcionamento das mesmas. **O incumprimento da puntualidade na recollida ou entrada dos nenos e nenas poderá ser motivo de baixa na actividade. As empresas resérvanse o dereito de admisión dos alumnos e alumnas nas actividades.**
- O alumnado que empregue o servizo de comedor e se inscriba nas actividades de primeira hora (16:30) será recollido polo correspondente monitor. Así mesmo, o alumnado que empregue o servizo de comedor e acuda a unha actividade que comece ás 17:30 poderá quedar na biblioteca nese intermedio de 16:30 a 17:30.
- O alumnado de 5º e 6º de primaria pode volver á casa sen acompañante sempre que presente unha autorización asinada pola nai, pai ou titor legal.

## A PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES SUPÓN A ACEPTACIÓN E O RESPECTO DAS NORMAS ESTABLECIDAS.

## NEN@S DE ANPAS FEDERADAS NA GAMELIÑA:

- A ANPA A Rúa está asociada á Federación de ANPAS de Centros Públicos de Cangas A Gameliña. Segundo o convenio asinado entre as anpas, **os nen@s de familias asociadas ás ANPAS de A Gameliña** poden participar nas actividades de calquera das outras ANPAS asociadas. Requerirase presentar o xustificante de pago da cuota de socio da ANPA. O alumnado do CEIP A Rúa terá preferencia na asignación de prazas fronte ao alumnado externo.

## DÚBIDAS:

- Se algunha familia ten dúbidas pode contactar coa Anpa na dirección de correo electrónico [anpa.arua@gmail.com](mailto:anpa.arua@gmail.com)